

Restauración dun curso coa avaliación configurada

Como se observou na práctica anterior, o procedemento para a configuración do libro de cualificacións dun curso é bastante laborioso. Cando un docente xestiona e edita varios cursos pode resultar moi interesante a creación dun curso mestre sen ningún contido pero coa configuración da avaliación e tamén da estética do curso. Unha vez que se remate coa configuración da cualificación e co deseño estético, crease unha copia de seguridade do mesmo e gárdase. Este curso mestre servirlle ao docente para restauralo en todos os cursos que xestione.

Esta copia pódese restaurar en calquera curso, pero seguindo o procedemento axeitado en función se a restauración se está realizando nun curso sen contidos ou ben con contidos xa inseridos. Polo tanto, existen dous métodos diferentes.


1.1. Proceso de restauración dun curso mestre

Para o seguimento desta práctica hai que crear un curso novo e matricular tres participantes. Polo tanto, vaise restaurar o curso mestre nun curso sen contidos.


- Descargar a seguinte copia de seguridade dun curso mestre. Como xa se explicou, trátase dun curso sen contidos, pero coa avaliación configurada <https://www.edu.xunta.gal/centros/zonaced6/system/files/edixgal/avaliacion.mbz>
- Premer en "Restaurar", na columna da dereita.

- ▼ Administración da materia
- ⚙ Editar os axustes
- ⚙ Completado de materias
 - > Usuarios
- ▼ Filtros
 - > Informes
 - > Cualificacións
 - > Distincións
- 📄 Copia de seguridade
 - ⬆ Restaurar
 - ⬆ Importar
 - ↶ Restablecer
 - > Banco de Preguntas

Seleccionar o ficheiro e pinchar en "Restaurar".



Premer en "Continuar". Desprazarse pola pantalla ata visualizar o seguinte cadro:



Neste caso, ao non ter contidos o curso creado, escóllese a opción de "Fusionar a copia...".

Se un docente quixera restaurar o curso mestre nun curso con contidos xa inseridos, tería que facer unha copia de seguridade do curso con contidos e gardala. Seguidamente restauraría o curso mestre, pero escollendo a opción: "Eliminar o contido da materia actual e despois restaurar". Unha vez completado o proceso de restauración, o docente non contará con ningún contido pero si coa configuración do libro de cualificacións. Por último, o profesor restaurará a copia de seguridade cos contidos do curso, pero nesta ocasión, escollendo a opción "Fusionar a copia de seguridade". Ao finalizar o proceso, o docente conta cun curso cos contidos que tiña inseridos previamente e coa configuración da cualificación.

Unha vez completada a restauración e pinchando en Cualificación > Máis > Modo avanzado, visualízase o libro de cualificacións configurado.

The screenshot shows the 'Cualificacións' (Assessments) interface. At the top, there is a blue header with the text 'Cualificacións'. Below it, there are tabs for 'Cualificacións por alumno/a', 'Cualificacións por avaliación', 'Exportar', and 'Máis'. A red banner message states: 'Antes poder acceder á xestión das cualificacións é necesario ter configurados criterios de cualificación. Configuración. Se pola contra, vostede quere ir ao modo avanzado preme aquí'. A 'Configurar' button is visible. The 'Máis' dropdown menu is open, showing options: 'Configurar criterios', 'Informe para o alumno', and 'Modo avanzado' (highlighted with a red box). Below the menu, the interface shows a tree view of assessments: 'avaliacion_EdebéOn+' with 'Avaliación 1' and 'Exames It' (6,0). Under 'Exames It', there are three items: 'IT _ Exame 01' (4,0), 'IT _ Exame 02' (4,0), and 'IT _ Exame 03' (2,0). Each item has an 'Editar' button and a checkbox.